

<p><b>INFORMACIÓN BÁSICA DA TITULACIÓN</b></p>
<p><b>Denominación:</b> CREACIÓN, DESENVOLVEMENTO E COMERCIALIZACIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS</p>
<p><b>Duración semestres:</b> 2  <b>ECTS:</b> 60  <b>Prazas:</b> 25  <b>Campus:</b> Pontevedra  <b>Centro:</b> Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación  <b>Coordinación:</b> Anna Amorós</p>
<p><b>DESCRIPCIÓN DE CONTIDOS</b></p>
<p>Competencias profesionais no ámbito do guión en análise, creación, desenvolvemento, comercialización e distribución de contidos audiovisuais. Formar profesionais especializados que poidan desenvolver con competencia as tarefas de analista, guionista, editor de guións, deseñador de proxectos de guión nos diferentes medios audiovisuais convencionais e interactivos, cun alto grao de capacidade para presentar memorias de proxectos de guión e para xestionar a comercialización, venda e distribución de contidos audiovisuais. Os alumnos son formados por profesionais do sector audiovisual (cinematográfico, televisivo, interactivo) de recoñecido prestixio nacional e internacional, como Ángel de la Cruz (Artemática), Teo Manuel Abad (Formateo), Jorge Algora (Adivina), Zaza Ceballos (Zenit TV), Carlos Ares (Zopilote), Xosé Arias (CTV-Producións), Moncho Varela (Pórtico), Fernanda del Nido (Tic Tac), Xosé Coira (USC), Carlos López Piñeiro (Caurel Lecer), M<sup>a</sup> Olga Fontán Maquieira (USC), Andrés Mahía (Zopilote), Miguel Anxo Fernández (Consortio Audiovisual e UdV), Beatriz Legerén (Interacción e UdV), Xosé Castro Puga (Zopilote), Inés París (CIMA), Ángel Luis Hueso Montón (USC), Arturo Maneiro (CRTVG e UdV), Pedro Sangro e Miguel Ángel Huerta Floriano (UPSA), Uxía Blanco, etc. Para que o alumnado coñeza a realidade da profesión realízanse de prácticas en empresas produtoras audiovisuais, dentro da modalidade documental, ficción (seriada e non seriada), programas de entretemento, deseño de proxectos interactivos e análise e desenvolvemento de guións.</p>
<p><b>PERFIL DE ACCESO</b></p>
<p>a) Licenciados / Titulados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas, no de Humanidades e, especialmente, nas Ciencias da Comunicación.  b) Profesionais dos medios de comunicación e guionistas;  c) Un alumnado interesado e cunha predisposición a ampliar os seus coñecementos no</p>

campo do audiovisual en: analizar e escribir guións, debullar os relatos audiovisuais e a súa estrutura narrativa, así como dedicarse profesionalmente ao mundo da guionización e do deseño de contidos audiovisuais.

### **SAÍDAS PROFESIONAIS**

- Analista de guións,
- Guionista audiovisual,
- Creador de contidos audiovisuais para distintos medios e soportes,
- Profesional con competencia para difundir, comercializar e distribuír contidos audiovisuais,
- Profesional autónomo
- Profesor

### **CONTIDOS FORMATIVOS BÁSICOS**

Unha formación específica na creación e desenvolvemento de contidos audiovisuais, na súa comercialización e difusión e afondando en catro macroxéneros (documental, ficción seriada e non seriada, programas de entretemento e deseño de proxectos interactivos).

- a) Estudo das características expresivas da linguaxe audiovisual.
- b) Modalidades e técnicas de escritura de guións (para diferentes formatos e soportes).
- c) Adaptación narrativa de contidos, duns formatos e soportes a outros.
- d) Estratexias de comercialización e difusión de contidos audiovisuais nos mercados do guión.
- e) Estudo dos procesos de ideación e guionización.
- f) Estrutura e mecanismos narrativos na construción dun guión.
- g) Influencias intertextuais nas adaptacións a distintos formatos e pantallas.
- h) Creación do guión dende a produción.
- i) Elaboración de memorias de guións e técnicas de pitching.
- j) Vendas comerciais de promoción e distribución de contidos.
- k) Aspectos xurídicos relacionados co guión (dereitos da obra audiovisual, modalidades de contratación audiovisual...)

As competencias adquiridas son as dun profesional altamente especializado, teórica e tecnicamente preparado para a creación e escritura de guións audiovisuais, para o deseño e desenvolvemento de contidos para novos soportes, tendo ademais a capacidade de adaptar guións duns medios convencionais ao multimedia e viceversa, así como valerse autonomamente nas fases de comercialización (venta e/ou difusión), contratación (adquisición e dereitos) e busca de financiamento (axudas, subvencións). Un profesional cunha axeitada preparación para a súa posterior vida laboral.